



GUÍA PARA AS AXUDAS DO PROGRAMA REHABILITACIÓN ENERXÉTICA DE EDIFICIOS EXISTENTES PROCEDEMENTO VI406C

1. Ámbito de aplicación

OPCIÓN A) Edificios existentes de uso residencial de vivenda colectiva e vivendas unifamiliares.

OPCIÓN B) Vivendas consideradas individualmente pertencentes a un edificio de uso residencial vivenda colectiva ou un grupo de vivendas consideradas individualmente sobre partes dun edificio de uso residencial vivenda colectiva.

A estes efectos, considerase un edificio residencial vivenda colectivo cando polo menos o 70% da súa superficie construída sobre rasante este destinada a este uso.

Están excluídos do ámbito de aplicación:

- Os edificios de vivendas ou vivendas existentes construídas no ano 2007 ou con posterioridade.
- As realizadas en edificios de nova construción ou as rehabilitacións integrais en edificios que como resultado da reforma o edificio ou a vivenda unifamiliar teña a consideración de nova construción. A estes efectos considerarase unha rehabilitación integral cando se realicen conxuntamente obras de renovación ou adecuación dos elementos estruturais, dos elementos construtivos e das instalacións do edificio.
- As intervencións en edificios existentes que supoñan unha ampliación, nos que se incremente a superficie ou volume construído.
- As intervencións en edificios existentes que supoñan un cambio de uso.

2. Beneficiarios ou destinatarios destas axudas

- a) Persoas físicas propietarias de vivendas ou de edificios
- b) Comunidades ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias de edificios residenciais de uso vivenda, constituídas legalmente.
- c) Persoas físicas que de forma agrupada sexan propietarias de estes edificios

Para que as persoas sexan beneficiarias, deben posuír a nacionalidade española ou dalgún estado membro da Unión Europea (UE), do Espazo Económico Europeo (EEU) ou de Suíza. No resto dos casos as persoas deberán ter residencia legal en España. As empresas ou persoas xurídicas NON poderán ser beneficiarias destas axudas.

As persoas xurídicas que formen parte dunha comunidade de persoas propietarias poderán ser beneficiarias como parte da comunidade, pero nunca de xeito individual como solicitante da axuda.

3. Actuacións subvencionables

TIPOLOXÍA 1. Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica

Illamento de fachadas ou cerramentos do edificio que separen recintos habitables co exterior, particións interiores que separen recintos habitables con recintos non habitables e o cambio ou mellora das carpinterías exteriores, vidros e proteccións soares. Tamén se subvencionan outras solucións de mellora de eficiencia enerxética non convencionais, como as de arquitectura bioclimática.

TIPOLOXÍA 2. Mellora da eficiencia enerxética e uso de enerxías renovables das instalacións térmicas.

Substitución da enerxía convencional por enerxía solar térmica, por enerxía xeotérmica, por biomasa, ou por outro sistema que mellore a eficiencia enerxética, así como e mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de distribución, regulación, control e emisión destas instalacións das definidas no Anexo IV do Real Decreto 737/2020.

Non serán subvencionables as seguintes actuacións:

- a substitución de caldeiras por outras que utilicen un combustible de orixe fósil
- a instalación de calefacción nas vivendas que non contén con ningún sistema de calefacción.
- as estufas ou as caldeiras que utilicen leña como combustible.

TIPOLOXÍA 3. Mellora da eficiencia enerxética da instalación de iluminación.

Esta última tipoloxía soamente é subvencionable para as instalacións comúns dos edificios de vivenda colectiva e sempre que vaia acompañada dalgunha das outras dous actuacións.

4. Condicións das actuacións para a súa elixibilidade

TIPOLOXÍAS 1 E 2

Deben cumprir conxuntamente as seguintes condicións:

- Mellorar un 10% o consumo de enerxía FINAL con respecto á situación de partida.

Esta condición deberase cumprir e xustificar para cada unha das actuacións da tipoloxía 1 e da tipoloxía 2 por separado, é dicir que cada actuación cumpra coa condición individualmente. Para os cálculos do consumo final de enerxía, deberanse utilizar os coeficientes de paso de enerxía primaria a enerxía final establecidos no IDAE.



- Mellorar unha letra na escala de cualificación de emisións de CO₂, respecto a situación de partida. Esta condición poderá obterse mediante a realización de unha ou unha combinación de varias tipoloxías de actuación de xeito conxunto.

Non será de aplicación aos edificios que xa contén unha letra A na escala de cualificación de emisións de CO₂.

TIPOLOXÍA 3

Para ser subvencionables as actuacións da tipoloxía 3, a potencia instalada da iluminación nova das ou a potencia nominal da instalación existente sobre a que se actúe debe ser maior a 10Kw.

*Ningunha das actuacións poderá estar comenzada con anterioridade á presentación da solicitude. Estas actuacións deberan cumprir os requisitos do documento básico de aforro de enerxía do Código Técnico da Edificación (DB-HE do CTE), así como outra normativa que lle sexan de aplicación, de acordo cos criterios de aplicación en edificios existentes e, ademais, deberán contar coas licenzas e autorizacións administrativas que requiran.

Non se poden modificar as actuacións determinadas nunha solicitude.

No caso de solicitar varias actuacións e non executar algunha de elas, no momento da presentación da solicitude de pagamento deberá xustificar que a actuación realizada cumpre coas condicións exixibles para a súa subvencionabilidade. Neste caso, determinarase de novo a contía da axuda correspondente á actuación realmente executada.

5. Custes elixibles ou subvencionables

- Considerase custos elixibles como regra xeral, os custes relativos á execución das actuacións (PEM+GG+BI), os custes dos honorarios técnicos e os custes de xestión da axuda. O IVE correspondente a estes gastos considerase custe elixible

- No se consideran elixibles os custes das actuacións facturados con anterioridade a data da presentación da solicitude, a excepción dos custes relativos ás actuacións preparatorias. Considerase custos de actuacións preparatorias os honorarios profesionais da redacción do proxecto, honorarios da elaboración do certificado de eficiencia enerxética do edificio existente (CEEE) e do edificio coas melloras, os da redacción de informes requiridos ou gastos de xestión para a solicitude, sempre que a data do seu contrato, das facturas e do pagamento sexan posteriores ao 7 de agosto de 2020.

- Non son gastos elixibles os demais impostos, os tributos, as taxas e custos da licenza.

Custe máximo elixible:



Existen custos máximos elixibles das actuacións da tipoloxía 2 para cada subtipoloxía (2.1, 2.2 e 2.3) e para os custos de xestión, establecidos no anexo IV do RD 737/2020.

Para actuacións nas que non veña determinado o custe elixible máximo no anexo IV do RD 737/2020 e para o caso de discrepancias ou valores desproporcionados non xustificadas, podeán establecerse como prezos máximos os calculados na última edición da base de datos da construción de Galicia (BDCG), como no resto das axudas xestionadas polo IGVS. <http://igvs.xunta.gal/web/actuamos/588>

6. Contía da axuda

Para o cálculo da axuda deberase ter en conta o seguinte cadro e as condicións dos Anexos I e IV do Real Decreto 737/2020, de 4 de agosto.

	TIPOLOXÍA DAS ACTUACIÓNS	AXUDA BASE		AXUDA ADICIONAL				
		Opción A	Opción B	% adicional criterios sociais	% adicional: eficiencia enerxética			% adicional actuación integrada
					Cualificación final A	Cualificación final B	Incremento de 2 ou mais letras	
CONTÍA DAS AXUDAS. LÍMITE MÁXIMO POR % DA INVERSIÓN	Tipoloxía 1. Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica							
	Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica	35% Máximo 6.000 € vivenda	25% Máximo 6.000 € vivenda	15%	15%	10%	5 %	20%
	Tipoloxía 2. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas Subtipoloxías							
	Subtipoloxía 2.1 Substitución de enerxía convencional por enerxía térmica	35%	25%	10%	10%	5%	0	15%
	Subtipoloxía 2.2 Substitución de enerxía convencional por enerxía xeotérmica			10%	0	0	0	15%
	Subtipoloxía 2.3 Substitución de enerxía convencional por biomasa en las instalacións térmicas			10%	0	0	0	10%
	Subtipoloxía 2.4 Mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de xeración non incluídos nas subtipoloxías 2.1 a 2.3			0	10%	5 %	0	0
	Subtipoloxía 2.5 Mellora de la eficiencia enerxética dos subsistemas de distribución, regulación, control e emisión das instalacións térmicas			0	10%	5 %	0	0
	Tipoloxía 3. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación							
	Tipoloxía 3. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación	15%	15%	0	10%	5 %	0	0

Os custes de cada tipo de actuación deberan considerarse por separado e os custes relativos aos honorarios técnicos e a xestión deberán repartirse en cada tipo de actuación de xeito proporcional ao custo. A estes efectos, deberase ter en conta os límites para os custes elixibles das subtipoloxías de actuación (2.1, 2.2 e 2.3) e os custes de xestión previstos no anexo IV do Real Decreto 737/2020, de 4 de agosto. Os custes para xustificación da axuda como: a xestión da xustificación da axuda e a



de elaboración do informe de auditor sobre conta xustificativa (se fose o caso); non poderán superar o 7% do importe total da axuda solicitada, cun límite de 7.000 euros.

A axuda componse dunha axuda básica a que se suma as axudas adicionais, cando proceda, e deberanse separar os custos por tipo e subtipo de actuacións para o seu cálculo.

En primeiro lugar, calcularanse as porcentaxes correspondentes a axuda básica do custo de cada actuación e, posteriormente, sumaranse a este resultado o importe correspondente ás porcentaxes das axudas adicionais posibles para cada tipo de actuación. Hay que ter en conta o límite máximo de 6.000 euros por vivenda correspondente á axuda base para as actuacións da tipoloxía 1, así como o custo máximo elixible por subtipoloxías das actuacións da tipoloxía 2.

Para ter en conta a axuda adicional, deberanse cumprir os requisitos establecidos para cada caso no punto 5 do anexo I do RD 737/2020:

a) Criterio social:

os edificios de vivendas cualificados definitivamente baixo algún réxime de protección pública ou situados nas Areas de Rexeneración e Renovación Urbanas ou Rurais (ARIS e ARUS). Tamén poderán acollerse a este criterio os consumidores de que teñan concedido o bono social, no caso de solicitudes formuladas para vivendas unifamiliares da opción A) ou para vivendas consideradas individualmente dentro dun edificio da opción B.

b) Criterio de eficiencia enerxética:

as actuacións que incrementen en 2 o mais letras a cualificación enerxética de partida do edificio ou que consigan unha letra B ou unha letra A. Este criterio non se aplicará a las actuacións que se realicen sobre edificios que xa contén cunha letra A na escala de cualificación enerxética.

c) Criterio actuación integrada:

realización simultánea da actuación da tipoloxía 1, sempre que consigan unha redución da demanda enerxética global de calefacción e refrixeración do 30%, combinada con algunha das subtipoloxías 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4, sempre que cumpran as condicións establecidas na letra c) do punto 5 do Anexo I do Real Decreto 737/2020, de 4 de agosto. Tamén poderase obter axuda por este criterio se se substitúen ás actuacións da tipoloxía 2 por unha instalación solar fotovoltaica ou tecnoloxía renovable de xeneración eléctrica, destinada ao autoconsumo, cando a súa potencia instalada sexa como mínimo o 10% da potencia total contratada. O custe desta instalación non será subvencionable.

* Para facer unha estimación das porcentaxes das axudas poden facer unha simulación na ferramenta que o IDAE pon a disposición da cidadanía, con carácter orientativo:

<http://pree-calculo.idae.es/>



7. Persoas que poden presentar a solicitude de axuda

1. No caso de axudas destinadas a un edificio de tipoloxía residencial colectiva:

- A representante da CCPP ou da agrupación de CCPP.
- A persoa física propietaria, no caso de que sexa propietaria única do edificio.
- A representante dunha agrupación de persoas físicas propietarias, legalmente constituída.

2. No caso de axudas destinadas a vivendas unifamiliares (edificios dunha única vivenda):

- A persoa física propietaria.
- No caso de ser varias as persoas propietarias, soamente presentará unha delas coa autorización do resto

3. No caso de axudas destinadas a unha vivenda individual situada nun edificio de uso residencial vivenda colectiva:

- A persoa física propietaria.
- No caso de ser varias as persoas propietarias, soamente a presentará unha delas coa autorización do resto

* En ningún caso a solicitante poderá ser unha persoa de natureza xurídica.

8. Documentación complementaria da solicitude

A documentación complementaria exigible para entregar coa solicitude, é a que se describe no ordinal noveno da Resolución do 4 de novembro de 2020:

a) Documentación acreditativa da representación da persoa ou entidade que actúe no nome da persoa física (propietaria) ou da entidade (no caso de comunidades de propietarios), de ser o caso. Deberase cubrir o modelo normalizado de sede: <https://sede.xunta.gal/ficheiros/modelos-normalizados/Representacion-G.pdf>

b) Escritura pública, certificado ou nota simple do rexistro ou calquera outro que acredite a titularidade do inmovible, soamente no caso que a solicitante non conste como titular no rexistro.

c) Informe xustificativo asinado pola persoa solicitante, no que se indicará as tipoloxías de actuación a realizar (1,2 ou 3), a descrición das actuacións subvencionables de cada actuación, o custo elixible de cada unha de elas e á contía máxima da axuda solicitada.

*En este documento deberase definir as obras a realizar correspondentes á execución de cada tipo de actuación e o seu custo elixible desglosado e os demais custos subvencionables (honorarios



profesionais, de xestión, etc), tendo en conta os seus límites e calculando a contía máxima solicitada en función das porcentaxes determinadas no Anexo I e IV do Real decreto 737/2020, do 4 de agosto. Neste informe poderá expoñer xustificación do cumprimento das condicións, os cálculos para a conversión do consumo de enerxía primaria en enerxía FINAL, así como calquera aclaración que resulte de interese para este procedemento.

d) O certificado de eficiencia enerxética do edificio coas melloras propostas, tendo en conta exclusivamente as actuacións de mellora elixibles e definidas no proxecto ou memoria técnica, co fin de demostrar a mellora do consumo de enerxía final acadado de cada actuación e a subida da letra da escala de emisións de CO₂. Este certificado deberá estar asinado por un técnico competente e non será necesario que estea inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE).

*Para poder comprobar que coas actuacións para as que se solicita axuda se mellora a eficiencia do edificio existente, de acordo coas condicións exixidas, previamente deberá facerse un certificado de eficiencia enerxética do edificio existente coas condicións actuais e rexistralo no RGEEE. Non caso de non ter o número do rexistro, deberá xustificar que xa ten presentado o certificado neste rexistro.

e) Proxecto ou memoria técnica, dependendo do que se requira para obter a licenza de obras, suscrito por técnico competente onde se describan e definan as actuacións que se van a realizar e así como a xustificación do cumprimento do DB-HE ou calquera outra que lle sexa de aplicación.

* As partidas terán que vir valoradas por unidades e a súa descrición e características deberán corresponder coas que se utilizan para facer o certificado de eficiencia enerxética do edificio coas melloras propostas.

f) Orzamento da empresa ou empresas que realizarán a execución das obras, desagregado e con data posterior ao 7 de agosto.

*No caso que este orzamento sexa superior a 40.000 euros, deberá aportar 3 orzamentos de empresas diferentes, indicando cal se acepta e xustificando esta elección no caso que non sexa a oferta mais económica. A presentación destes tres orzamentos pode ser coa solicitude da axuda ou no momento de presentar o anexo V na xustificación da subvención e execución das obras.

g) Documento ou oferta vinculante contractual formalizada coa empresa ou a persoa profesional que sexa encargada da xestión técnica e documental da solicitude, de ser o caso.

* Contrato ou oferta vinculante coa empresa ou persoa que realice a xestión técnica e da empresa ou persoa que sexa encargada da xestión da solicitude.

h) Anexo II, soamente para o caso dun edificio de tipoloxía residencial colectiva. Deberase cubrir un anexo por vivenda.



- i) Anexo III, soamente para o caso de CCPP ou agrupacións de CCPP
- j) Anexo IV, soamente para o caso de agrupación de persoas físicas propietarias

*E indispensable, para admitir a solicitude, que no momento da súa presentación se acompañen documentos sinalados nas letras: c), d), e), así como os anexos h), i) ou j) que correspondan. De non ser así non se admitirá a solicitude, sen posibilidade de subsanación da mesma.

9. Concesión destas axudas

Para a concesión destas axudas terase en conta a orde cronolóxica de entrada de presentación das solicitudes ata que se esgote o orzamento da convocatoria. A estes efectos, considerarase a data de presentación aquela na que a solicitude dáse validamente por presentada por estar cuberta da forma correcta e vir acompañada da totalidade dos documentos.

10. Pagamento da axuda

O pagamento total o parcial da axuda requirirá que a beneficiaria presente a documentación requirida no ordinal décimo oitavo da Resolución do 4 de novembro para xustificar as actuacións feitas e na anualidade prevista na resolución de concesión da axuda para o seu pagamento.

No caso de querer modificar o ritmo de execución das obras respecto ao planificado na solicitude e na resolución de concesión da axuda, deberá solicitar un reaxuste de anualidades. O IGVS resolverá favorablemente e autorizará este reaxuste no caso de contar con crédito orzamentario para poder facelo. En caso contrario, deberase manter a execución prevista inicialmente para poder cobrar esta axuda.

11. Obrigas das beneficiarias relativas a publicidade.

Entre as obrigas definidas no artigo décimo sexto da Resolución do 4 de novembro de 2020, destaca o punto h) Dar axeitada publicidade e información das actuacións subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 21 do RD 737/2020, polo que á aceptación desta axuda implica a aceptación do establecido no Regulamento UE núm. 1303/2013, do 17 de decembro:

- a) Un cartel de carácter temporal mentres dure a obra, nun lugar visible ao público na localización da actuación.
- b) Un cartel permanente nun lugar visible ao público na localización da actuación.

* A información e as características que se debe incluír nos carteis, serán os determinados para esta subvención e poderán descargarse na páxina web do IGVS



Anexo dos porcentaxes de cálculo para a contía das axudas

CONTÍA DAS AXUDAS. LÍMITE MÁXIMO POR % DA INVERSIÓN	AXUDA BASE		AXUDA ADICIONAL				
	Opción A	Opción B	% adicional criterios sociais	% adicional: eficiencia enerxética		% adicional actuación integrada	
				Cualificació n final A	Cualificación final B	Incremento de 2 ou mais letras	
Tipoloxía 1. Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica							
Mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica	35% Máximo 6.000 € vivenda	25% Máximo 6.000 € vivenda	15%	15%	10%	5%	20%
Tipoloxía 2. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas Subtipoloxías							
Subtipoloxía 2.1 Substitución de enerxía convencional por enerxía térmica			10%	10%	5%	0	15%
Subtipoloxía 2.2 Substitución de enerxía convencional por enerxía xeotérmica			10%	0	0	0	15%
Subtipoloxía 2.3 Substitución de enerxía convencional por biomasa en las instalacións térmicas			10%	0	0	0	10%
Subtipoloxía 2.4 Mellora da eficiencia enerxética dos sistemas de xeración non incluídos nas subtipoloxías 2.1 a 2.3	35%	25%	0	10%	5%	0	0
Subtipoloxía 2.5 Mellora de la eficiencia enerxética dos sistemas de distribución, regulación, control e emisión das instalacións térmicas			0	10%	5%	0	0
Tipoloxía 3. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación							
Tipoloxía 3. Mellora da eficiencia enerxética das instalacións de iluminación	15%	15%	0	10%	5%	0	0